



Diego Antelo Noya, novo Campión Galego de Compak Sporting

Disputábase o pasado 20 de Maio no Campo de Tiro 'Rio Sar' en Chaián, Trazo (A Coruña) a oitava edición do Campionato Galego de Compak Sporting.

Na proba, disputada a 150 pratos, resultou vencedor absoluto o xuvenil Diego Antelo Noya, que escachou un total de 130 pratos. Segundo foi David Seoane Viaño que escachou 126 pratos e quedou primeiro na categoría senior. Na categoría de Donas resultou gañadora Silvia Rodríguez Durán, escachando un total de 90 pratos. En Veteranos venceu Angel Mosquera Rodríguez con 112 pratos mentres que en Superveteranos foi Miguel Blanco Álvarez, con 81 pratos escachados, o primeiro clasificado.

Así pois, a clasificación final absoluta quedou como segue:



Xeral Absoluta

Pos.	Tirador	Pratos escachados
1º	Diego Antelo Noya	130
2º	David Seoane Viaño	126
3º	Juan Carlos Costas Pereira	124
4º	Manuel García Pombo	124
5º	Antonio Iglesias Otero	123
6º	Rubén Boquete Varela	119
7º	José Luis Sánchez Mancebo	117
8º	Jaime Vilas Pereira	116
9º	Emilo José López Mosquera	114
10º	Angel Mosquera Cornide	113

En vista da normativa de competicións, a Selección Galega que participará no Campionato de España da modalidade quedará formada polos seguintes tiradores: Diego Antelo Noya, David Seoane Viaño, Juan Carlos Costas Pereira, Antonio Iglesias Otero e Angel Mosquera Rodriguez.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com